

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/12/2018 13:52:33

SAIDA 15660/18

Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e
Vivenda
Edificio Administrativo San Caetano
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reclamante: [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED]
[REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 120/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Asociación Sociocultural e Medioambiental Aldea Viva, que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 18 de outubro de 2018, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 18 de outubro de 2018, presento reclamación contra a denegación, por silencio administrativo, da súa solicitude á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de documentación (Libros Rexistro) dos cinco últimos anos dos residuos que tiñan entrado na planta de tratamento, en relación coa situación fora de control dos residuos procedentes da mina de Touro.

Segundo. Con data do 22 de outubro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude foi o 9 de novembro de 2018, segundo consta no acuse de recibo. Con fecha de 27 de novembro recibíuse copia do expediente e informe no que se comunica que a información remitiuse á Asociación solicitante con data do 6 de agosto de 2018, de conformidade co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente. Nesa información remitida produciuse un erro no envío da información en formato cd que se rectificou con data do 27 do mesmo mes. Posteriormente o Sr. [REDACTED] se presentou no Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación e manifestou que a información que se lle remitiu non era a demandada, polo que se lle instou a que se dirixise á Subdirección Xeral de Residuos para solicitala.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do

inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Quinto.- Análise do expediente

A reclamación presentada polo Sr. ██████ en representación da Asociación ██████ diríxese contra a falta de resolución dunha solicitude de acceso á información de carácter ambiental solicitada á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Tal e como se formula a reclamación, na que expresamente se di que se presentou un escrito de "petición ambiental", e polo contido da mesma, documentación referida a residuos que tiveran entrado en planta de tratamento, así como pola normativa pola que se rexe a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao dar a súa resposta, Lei Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, nos atopamos ante unha solicitude de acceso a unha información de carácter ambiental.

O artigo 2.3 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, a auga, o

chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc. que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

O concepto de información ambiental contido na Lei 27/2006 e nas Directivas Europeas 2003/4/CE e 2003/35/CE é dunha gran amplitude, afirmándose en diversas sentencias Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que no concepto de información medioambiental abrangue calquera información relativa ao estado dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos devanditos elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva no senso de que no concepto de *medidas administrativas*, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

Respecto ao contido de carácter medioambiental da información solicitada, referida a documentación sobre libros de rexistro de entrada de residuos nunha planta de tratamento de residuos, non cabe dúbida de que é información carácter ambiental ao estar incluída no concepto contido na Lei 27/2006, polo que de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, debe tramitarse, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico de acceso á información, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, polo que procede, por falta de competencia, a inadmisión da reclamación presentada ante esta Comisión, debéndose tramitar a reclamación polo procedemento establecido na normativa de acceso á información de carácter ambiental.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA


Única: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] contra denegación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á documentación (Libros Rexistro) á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dos cinco últimos anos dos residuos que tiñan entrado na planta de tratamento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación

desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 7 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga